



XACOBEO CLARINET FEST LALIN

DOSSIER | FESTIVAL E ACADEMIA INTERNACIONAL DE CLARINETE DE GALICIA
XACOBEO CLARINET FEST 2023 | Lalín, do 14 ao 22 de Xullo

IVº EDICIÓN

COLABORAN





ÍNDICE

- 1| LALÍN, CAPITAL CULTURAL DO DEZA. A SÚA PRESENZA NO CAMIÑO E A SÚA TRADICIÓN MUSICAL
- 2| PROXECTO FESTIVAL E ACADEMIA
- 3| A TRADICIÓN ORAL, ARTÍSTICA E TEATRAL COMO NEXO CULTURAL E MUSICAL
- 4| OBXECTIVOS XERAIS DO XACOBEO CLARINET FEST
- 5| DESTINATARIOS
- 6| ESQUEMA DE ACTIVIDADES
- 7| 1º CONCURSO INTERNACIONAL DE COMPOSICIÓN PARA CLARINETE “REVERIANO SOUTULLO”
- 8| 1º CONCURSO INTERNACIONAL DE ORQUESTRA “1º XACOBEO INTERNATIONAL CLARINET COMPETITION”
- 9| CONVENIOS ORQUESTRALES: REAL FILHARMONIA DE GALICIA, ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA E ORQUESTRA DE GUIMARAES
- 10| PRESENTACIÓN DO XACOBEO CLARINET ENSAMBLE
- 11| XACOBEO CLARINET BEER FEST
- 12| PLAN DE COMUNICACIÓN
- 13| INFORME DE EQUIPAMENTO E ESPAZOS
- 14| ORGANIGRAMA
- 15| PROFESORADO
- 16| PLANNING XERAL DO FESTIVAL
- 17| PLANNING XERAL DE ACTUACIÓNS
- 18| FOLLA DE MATRÍCULA

1 | LALÍN, CAPITAL CULTURAL DO DEZA. A SÚA PRESENZA NO CAMIÑO E A SÚA TRADICIÓN MUSICAL

O Deza no Camiño de Santiago

Lalín, como capital do Deza, elévase como o punto destacado dunha comarca que mantén dende tempos ben pasados unha estreita relación ca cultura do Camiño, sendo esta unha vía de entrada do coñecemento e intercambios propicios para desenvolvemento e establecemento de relacións sociais, artísticas e musicais tanto no **Camiño de Inverno** como na **Vía da Prata**.

O Camiño de Inverno naceu como consecuencia da sabedoría dos peregrinos medievais que recorrían as rutas xacobeas nos meses máis fríos do ano, e que afastándose das neves invernais de O Cebreiro terminaron popularizando esta ruta alternativa. Ten a particularidade de atravesar as catro provincias galegas ata chegar a Santiago de Compostela, mentres que a Vía da Prata percorre gran parte da comarca atravesando o propio núcleo urbano de Lalín, sendo parada obrigatoria para o peregrino.

Os concertos programados dentro do Xacobeo Clarinet Fest pretenden manter tamén ese vínculo cultural e de relación co peregrino que, no seu final de xornada, pode ocupar así un tempo de lecer e descanso en Lalín así como contribuír á dinamización económica dos establecementos locais.

A tradición musical do Deza

A comarca do Deza alberga o exemplo da tradición máis arraigada da música clásica, sinfónica e popular, avalada polas atesouradas e lonxevas Bandas de Música. O berce bandístico en Galicia data de inicios do século XIX, e xa dende esta data as bandas dezananas adquiren o papel protagonista desta evidente tradición musical.

Máis concretamente, o Concello de Lalín, polo que discorren parte dos camiños que levan ós peregrinos a Compostela, dende a súa posición estratéxica como o “Km 0” de Galicia, é un escaparate desta sobranceira tradición, xa que son catro as Bandas de Música que hoxe en día seguen sendo un manancial de sons, música, cultura, tradición e innovación.

Lalín goza dunha posición xeográfica na que se centraliza toda a comunidade autónoma; dende as localidades máis lonxanas e extremas de Galicia, Lalín sitúase no punto de encontro onde para todos está preto, e de Lalín ningún lugar queda lonxe.

O Conservatorio Profesional de Música de Lalín leva décadas nutrindo xenerosamente con músicos profesionais e afeccionados ás bandas, orquestras, agrupacións camerísticas, e asociacións culturais. Este concello ten tamén a particularidade de ser unha das localidades galegas con maior proporción de músicos profesionais titulados, e máis concretamente de clarinetistas.

Son estes algúns dos motivos polos que Lalín é o emprazamento idóneo para ser o anfitrión dun Festival de envergadura, para dar cabida ó desenvolvemento dos clarinetistas galegos e servir de escaparate alcanzable para que o mundo do clarinete galego poida exhibir e acoller eventos de máximo nivel mundial.

En Lalín xace a catedral clarinetística de Galicia, sendo o pobo ó que chegan todos os que peregrinan polos camiños deste instrumento.



2 | PROXECTO FESTIVAL E ACADEMIA

O Festival e Academia Internacional de clarinete de Galicia 2023 desenvolverase entre os días 14 e 22 de Xullo de 2023, e pretende crear unha innovadora plataforma tanto artística como pedagóxica dirixida a un dobre destinatario. Por unha banda estará orientado a estudantes, clarinetistas profesionais e afeccionados e por outra banda aberto ao público en xeral.

Desta forma o proxecto eríxese coa idea de enriquecer as múltiples actividades culturais xa propostas polas diferentes institucións pedagóxicas galegas, tales como conservatorios superiores, profesionais, elementais ou as propias escolas de música, actuando así mesmo como vehículo de transmisión de valores para o conxunto da nosa sociedade.

O **Festival** e **Academia** conta con clarinetistas de diferentes nacionalidades, e presenta unha heteroxénea programación distribuída en concertos, exposicións, conferencias así como múltiples clases maxistras realizadas polos artistas convidados.

Os concertos e clases maxistras celebraranse en emplacements tales como a Praza da Igrexa, o Casino, o Museo Municipal Ramón María Aller Ulloa, o Auditorio Municipal, ou o emblemático e histórico Casino de Lalín, sempre co ánimo de abrir o festival ao conxunto da sociedade e acadar así unha maior difusión e asistencia, sendo os máis de 20 concertos, conferencias e exposicións de acceso gratuíto para o público en xeral.

Entre os artistas convidados á presente edición, contaremos coa presenza de doce recoñecidos clarinetistas como son os son o holandés Arno Píters, o australiano David Griffiths, o Húngaro-Rumano Tibor Reman, a canadense Michelle Anderson, os italianos Lorenzo Coppola, Massimo Mazzone, Niccola Giammariano, os portugueses Vitor Matos e Sergio Pires, os españois Juan Ferrer, Wolfgang Puntas, Josep Sancho, Josep Fuster, José

Franch Ballester, e os galegos Xocas Meijide e Emilio Alonso Espasandín. Tamén con tres grandes pianistas: Alicia González Permuy, Pablo Rodríguez e Cristina Esclapez, considerados como os máximos expoñentes a nivel mundial dentro das súas especialidades.

Estarán presentes tamén os mellores constructores de clarinete do panorama mundial como son Selmer, Buffet Crampon, Patricola, Backun ou Yamaha entre outras.

3 | A TRADICIÓN ORAL, ARTÍSTICA E TEATRAL COMO NEXO CULTURAL E MUSICAL

Alén do directo e evidente obxectivo pedagóxico e musical xa comentado, é tamén do interese do Xacobeo Clarinet Fest o feito de posibilitar, introducir e achegar dentro da súa programación aberta ao público xeral, elementos de carácter etnográfico e cultural autóctonos como son a excelente tradición do conto oral e a representación de monicreques, adaptados ambos ao eido musical.

3a | VIRAVOLTA TÍTERES

A recoñecida e experimentada compañía VIRAVOLTA participará coa aportación e representación dun personaxe cómico creado especialmente para a ocasión, a xeito de mascota do festival, que será o encargado de aparecer nas presentacións dos concertos diarios.

Este personaxe representará a un concertista de clarinete cuns trazos caricaturescos e tendente á torpeza para provocar a hilaridade entre o público, xa que terá que enfrontarse constantemente ao seu instrumen-



to que por veces parece que ten vida propia e semella que quere poñelo en evidencia continuamente. A peza máis importante de atrezzo será o clarinete que fará de todo menos o que debería facer, botará fume, fará pompas de xabazón, dobrarse, etc...

Será un monicreque de mesa (bunraku occidental), elección motivada pola súa versatilidade e as moitas posibilidades que ofrece para a manipulación e a posta en escena.

3b | CELSO SANMARTÍN E A TRADICIÓN DA NARRACIÓN ORAL

Recoñecido e experimentado "contador", Celso Fernández Sanmartín entremediará na programación dos concertos coa súa narración oral entre público e músicos, facendo así á propia palabra cómplice da atención e respecto cara á música en directo.

Un concerto de clarinetes é per se un discurso musical para un público variopinto, e polo tanto un lugar intermedio onde se misturan o estilo culto co popular. Nese nexo de unión, e acompañando os silencios entre pezas será a quenda da palabra para, en palabras do propio Celso, "elaborar un momento", exercendo así como un especial presentador e narrador dos concertos.

4 | OBXECTIVOS XERAIS DO XACOBEO CLARINET FEST

Contribuír en primeira instancia ao enriquecemento musical e cultural do contexto sociocultural nacional e intervir no contexto pedagóxico-musical cunha proposta innovadora e de calidade.

Promocionar Galicia como destino cultural e turístico.

Dar a coñecer o repertorio musical galego a través dos diferentes concertos programados.

Estimular a través da música a comunicación e o intercambio de experiencias entre os diferentes participantes.

Fomentar o intercambio cultural entre a sociedade local e os visitantes.

Contribuír á formación global do alumnado desenvolvendo as actividades de aprendizaxe nun ambiente musical activo e con propostas acordes á realidade pedagóxica internacional máis actual.

Incentivar e sensibilizar aos novos intérpretes a nivel rexional, nacional e internacional.

Contribuír ao recoñecemento internacional da música e do ensino do clarinete en Galicia.

Promover a integración da nosa comunidade pedagóxico-musical noutras estruturas, tanto artísticas como



turísticas.

5| DESTINATARIOS

Como público asistente aos concertos e conferencias

Todo o conxunto da sociedade local, visitantes e peregrinos.

Como participantes activos

Profesionais, estudantes e afeccionados do clarinete.

Como participantes auditores.

Profesionais, estudantes, amateurs do clarinete, a sociedade local e visitantes que desexen ampliar os seus coñecementos.

6| ESQUEMA DE ACTIVIDADES

As diversas exposicións de marcas e tendas de música participantes, así como as clases maxistras, conferencias e concertos desenvolveranse entre o 14 e o 22 de Xullo de 2023.

Cada día, os alumnos da academia terán clases e masterclass cos diversos profesores do curso e pianistas acompañantes, desta forma aproveitarán ao máximo os coñecementos dos profesionais.

Durante todo o día, haberá distintas exposicións das marcas internacionais que participan no festival e academia. Aquí daranse a coñecer novas marcas, materiais máis novos, últimos clarinetes do mercado, luthiers, etc...

Ao mediodía e á tarde, durante toda a semana, no casino, museo, auditorio e na praza da Igrexa programaranse concertos de profesores, alumnos, do Xacobeo Clarinet Ensemble e grupos invitados, abertos para todo o público.

7| Iº CONCURSO INTERNACIONAL DE COMPOSICIÓN PARA CLARINETE "REVERIANO SOUTULLO"

Coa idea de poder abrir un espazo para os compositores, e relacionado co mundo clarinetístico, poñeremos en marcha o Iº concurso de composición "Reveriano Soutullo".

Neste concurso, orientado á creación de pezas para clarinete solista e conxunto de clarinetes, contaremos cun xurado excepcional formado por directores e compositores galegos.

As obras gañadoras obterán un premio en metálico e a edición posterior da obra. Ademais, estrearanse e interpretarán dentro da programación do festival.



8 | 1º CONCURSO INTERNACIONAL DE ORQUESTRA "1º XACOBEO INTERNATIONAL CLARINET COMPETITION"

Este 1º concurso internacional abrirá as portas ao mundo orquestral a todos/as os participantes. Orientado a alumnos/as que estean a cursar estudos superiores e másteres, grazas a este concurso poderán optar, como premio, a participar como músicos activos durante a tempada de concertos (2023/2024) de tres grandes orquestras internacionais:

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

ORQUESTRA DE GUIMARAES

O xurado deste concurso estará formado polos principais clarinetes das orquestras mencionadas anteriormente e o resto de elenco de profesores do festival.

9 | CONVENIOS ORQUESTRALES: REAL FILHARMONIA DE GALICIA, ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA E ORQUESTRA DE GUIMARAES

Co fin de abrir posibilidades no mundo orquestral e laboral, e achegar a música melómanos, músicos e público en xeral, desde a organización do festival, faremos catro convenios de colaboración coa Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia e a Orquestra de Guimaraes.

Grazas a estes convenios, os músicos que participen no concurso internacional de clarinete, poderán optar, como premio do festival, a participar en concertos con estas orquestras durante ou ano 2023/2024.

Ademais, a Real Filharmonía de Galicia estará presente en Lalín no concerto de apertura do festival e o grupo de cámara da Orquestra Sinfónica de Galicia fará un concerto ao longo da semana do festival.

10 | PRESENTACIÓN DO XACOBEO CLARINET ORQUESTRA

O Xacobeo Clarinet Fest foi o punto de inflexión para a creación dun ensamble galego de clarinetes. Na actualidade é un dos grupos referentes no territorio nacional formado por toda a familia de clarinetes e con integrantes de todas as idades, desde estudantes ata profesionais.

Neste festival, presentarase o ensamble de forma oficial a todos os públicos.

A presentación terá lugar no concerto de clausura do festival en Lalín e tamén nun concerto en Santiago de Compostela, baixo a batuta do mestre José Franch Ballester.



11 | XACOBEO CLARINET BEER FEST

O Deza é unha comarca con gran importancia nos sectores da agricultura, da gandería e a restauración. Especialmente, no concello de Lalín, cóntase cunha nova xeración de cociñeiros, de emprendedores e pequenas industrias de transformación de produtos agrícolas de máximo nivel.

Estes novos emprendedores xúntanse para ofrecer, ao público e aos músicos participantes no Xacobeo Clarinet Fest, unha selección dos mellores produtos da zona sen ter que desprazarse e mentres gozan dos concertos na praza da igrexa.

Colocarase unha caseta na propia praza da igrexa, o "Gastro XCF", ofreceranse produtos da zona elaborados en formato de petiscos polos restauradores de Lalín e complementados con bebidas artesás e ecolóxicas elaboradas na zona (Cervexa e Hidromel).

12 | PLAN DE COMUNICACIÓN

Prestarase especial atención e esforzo na difusión e anuncio de toda a programación a través dos diferentes medios e canles comunicativas públicas tanto a nivel local, provincial como autonómico e estatal.

Online: Activaranse estratexias propias referidas á creación dunha Web, activación de perfís nas principais RRSS así como inversión en promoción estratéxica no eido do marketing dixital.

Offline: Impresión de cartaces e trípticos con toda a programación, facendo unha presentación en todos os conservatorios de Galicia e nas bandas de música populares da nosa comunidade.

Envío de notas de prensa a todos os xornais locais e autonómicos, así como ás revistas e publicacións de mercado eido cultural.

Convocarase rolda de prensa conxunta cos representantes das diferentes institucións asociadas na procura dunha maior cobertura posible en prensa, radio, televisión e medios dixitais.

13 | INFORME DE EQUIPAMENTO E ESPAZOS

Grazas á colaboración do Concello de Lalín, Xunta de Galicia e Casino de Lalín, poderemos dispoñer dos espazos necesarios para a realización das diversas actividades que engloban o Xacobeo Clarinet Fest 2023:

Conservatorio de Lalín

Auditorio de Lalín

Concello de Lalín

Museo Municipal Ramón María Aller Ulloa

Pabillón Municipal : Residencia

Espazo na Praza da Igrexa

Espazo Circulo Recreativo Casino de Lalín

Casa da Xuventude de Lalín

I.E.S Ramón María Aller Ulloa





14 | ORGANIGRAMA

<i>Dirección Artística e Musical</i>	Xocas Meijide
<i>Producción</i>	esMúsica
<i>Directora de Comunicación e Coordinadora Festival</i>	esMúsica
<i>Coordinador Academia</i>	Jose Luis Taboada
<i>Coordinador Festival e Axudante de Producción</i>	Nilo Jesús García Armas
<i>Coordinadora Residencia</i>	Carmen Fuentes
<i>Auxiliar residencia</i>	Andrea Vázquez
<i>Asistente Producción y Secretaría</i>	Manuel Ramos (Zara)
<i>Web, Relaciones Públicas y RRSS</i>	Mauro Baños
<i>Diseño e Marketing</i>	Carlos Fernández

15 | PROFESORADO

Sergio Pires	<i>London Symphony Orchestra</i>
José Franch Ballester	<i>Vancouver University (Canada)</i>
Lorenzo Coppola	<i>ESMUC (Barcelona)</i>
Juan Ferrer	<i>Orquestra Sinfónica de Galicia (Galicia)</i>
Tibor Reman	<i>Staatskapelle Berlin (Alemania)</i>
Nicola Giammarinaro	<i>Orchestra Jazz Siciliana (Italia)</i>
Vitor Matos	<i>Universidade do Minho (Portugal)</i>
Massimo Mazzone	<i>Conservatorio de Ghedini (Italia)</i>
Josep Sancho	<i>Conservatorio de Castellón</i>
Wolfgang Puntas	<i>Banda Municipal de Sevilla</i>
Emilio Espasandín	<i>Orquesta Nacional de Cannes (Francia)</i>
Xocas Meijide	<i>Banda Municipal de A Coruña (Galicia)</i>
David Griffiths	<i>Melbourne Conservatorium (Australia)</i>
Michelle Anderson	<i>Vancouver University (Canada)</i>
Arno Piters	<i>Concertgebouworkest (Países Bajos)</i>
Pablo Rodríguez	<i>Conservatorio superior de Vigo (Galicia)</i>
Alicia G. Permuy	<i>Conservatorio Superior de A Coruña (Galicia)</i>
Cristina Esclápez	<i>ESMUC (Barcelona)</i>

16 | PLANNING XERAL



17 | PLANNING XERAL DE ACTUACIÓNS

	20.30 h PRAZA DA IGREXA	18.30 h CASINO OU MUSEO	24.00 h CASINO
VENRES 14	Orquestra "Real Filharmonía de Galicia" Director Maximino Zumalave Solistas Jose Franch Ballester David Griffiths		
SÁBADO 15	Xacobeo Clarinet Ensemble Director Juan Ferrer Solista Juan Ferrer	Recital con Piano	
DOMINGO 16	Banda de Lalín Director Marcel Van Bree Solistas Arno Piters Wolfgang Puntas	Recital con Piano	
LUNS 17	Quinteto de Corda da Orquestra Sinfónica de Galicia Solista Juan Ferrer	Recital con Piano	
MARTES 18	Xacobeo Clarinet Orquestra (Alumnos y profesores) Director Josep Sancho	Recital con Piano	
MÉRCORES 19	Cuarteto de Cordas Rosalía	Recital con Piano	
XOVES 20	Acordeón Robert Gervasi Clarinete Nicola Giammarinaro	Recital con Piano	
VENRES 21	Ensemble de Profesores do Curso	Recital con Piano	
SÁBADO 22	Xacobeo Clarinet Orquestra (Alumnos y profesores) Director Jose Franch Ballester Santiago de Compostela e Lalín	Recital con Piano	Acordeón e Clarinete



18 | FOLLA DE MATRÍCULA

Profesores de Clarinete

	M 1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10
1.Piters										
2.Ballester										
3.Pires										
4.Tibor										
5.Ferrer										
6.Griffiths										
7.Matos										
8.Coppola										
9.Emilio										
10.Mazzone										
11.Puntas										
12.Sancho										
13.Xocas										
14.Michelle										

Profesores de Requinto

Piters	
Emilio	

Profesores de Clarinete Bajo

Xocas	
-------	--

Clarinete Histórico

Coppola	
---------	--

Clarinete para adultos

Michelle	
Mazzone	
Sancho	

Clarinete Jazz

Nicola Gianmarinaro	
---------------------	--



Modalidades y precios del curso

		3 clases	3 clases + clarinete Bajo o Requinto o Clarinete Histórico	4 clases	4 clases + clarinete Bajo o Requinto o Clarinete Histórico	5 clases	5 clases + clarinete Bajo o Requinto o Clarinete Histórico
M1	3-5 clases del 1-15 de la zona Roja y Amarilla	280	310	340	370	400	430
M2	3-5 Clases del 1-9 de la zona roja	280	310	340	370	400	430
M3	3-5 clases del 10 al 15 de la zona amarilla	180	210	240	270	300	330
		3 clases con Michelle	4 Clases, 3 clases con Michele + Mazzone o Sancho	4 clases con Michelle	5 clases 3 Clases con Michelle + Mazzone o +Sancho		
M4	3-5 clases de Clarinete para adultos						
		1 clase	2 clases				
M6	Clases individuales de clarinete zona Amarilla	50	90				
		1 clase	2 clases	3 clases			
M7	Clarinete Histórico	60	100	140			
M8	Clarinete Bajo	50	90	120			
M9	Requinto	60	100	140			
		1 clase		MasterClass			
M10	Clarinete Jazz	60					

Todos los Alumnos de la zona M1,M2 y M3 participaran también en los 2 conciertos de Gran Orquesta de Clarinetes integrando la Orquesta ,Presentaciones de marcas y en todas las actividades del festival .

CONTACTO | xacobeoclarinetfest@gmail.com

